

AS ALGAS

Reino: MONERAS

-Seres vivos unicelulares, ou pluricelulares coas células sen diferenciar (non forman tecidos).


-Nutrición autótrofa. Todas posúen clorofila, aínda que algunhas téñena enmascarada con pigmentos doutras cores.

-A maior parte viven na auga e absorben directamente dela o osíxeno e os nutrientes, aínda que tamén se poden atopar nos toros das árbores, apegadas ás pedras ou no chan.

- Precisan da auga para reproducírense.

REPRODUCCIÓN

Sexual, con fecundación na auga, ou asexual (vexetativa, a partir de fragmentos do talo).



EXEMPLO DE REPRODUCCIÓN DUN BOCHO

CLASES DE ALGAS

CLOROFÍCEAS

(algas verdes)
teñen a clorofila visible e adoitan vivir máis perto da superficie da auga.

FEOFÍCEAS


(algas pardas)
teñen a clorofila enmascarada con pigmentos pardos e xeralmente son de maior tamaño.

RODOFÍCEAS

(algas vermellas)
viven en augas máis profundas e teñen a clorofila enmascarada con pigmentos vermellos.


OUTRAS

EUGLENAS
DINOFLEXELADOS
HAPTOFITOS
CRIFOTITOS
...



ESTRUTURA DAS ALGAS PLURICELULARES


TIPOS DE FRONDES



FRONDE: corpo principal da alga, xeralmente aplanado ou cilíndrico.


TALO
aparato vexetativo principal

FORMA DE RAMIFICARSE



ESTIPE: eixe de suxección entre as frondes e o rizoide.

TIPOS DE RIZOIDES



RIZOIDE
zona de suxección ao substrato ou soporte.

ALGÚNS USOS DAS ALGAS

DIETÉTICA

- Complementos nutricionais
- Bebidas de réxime e reconstituíntes
- Alimentación macrobiótica

INDUSTRIA ALIMENTARIA

Aditivos:

- E-400: ácido alxínico
- E-401: alxinato de sodio
- E-402: alxinato de potasio
- E-403: alxinato de aminio
- E-404: alxinato de calcio
- E-405: alxinato de propilenglicol
- E-409: agar
- E-407: carraxenina

- Sopas, salsas, ensaladas, peixes retexurados, galletas, pan, xelatinas...

- Aditivos (espesantes, estabilizadores, emulsionantes e antioxidantes) para cremas, postres, xelados, chocolates, derivados lácteos, xaropes, cervexa, bebidas refrescantes, caramelos, fiambres
- Clarificador de bebidas
- Alimentos para animais